

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E AS ORGANIZACIÓNS NON GOVERNAMENTAIS SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA, ASOCIACIÓN GALEGA DE COMUNICACIÓN PARA O CAMBIO SOCIAL (AGARESO) E ASSEMBLEA DE COOPERACIÓN POLA PAZ PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS 2023-2024.

(1) A política da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento enmarcase no establecido na Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia. No seu artigo 81 establece coma un dos obxectivos desta política pública "Impulsar a cultura da solidariedade internacional e a conciencia de cidadanía global, dando resposta á demanda da sociedade galega de participar activamente na realización dos valores de solidariedade e dos deberes de xustiza global". Ademais o artigo 84 recoñece entre as modalidades da cooperación galega a Educación para a cidadanía global, "comprende as actuacións que promoven na sociedade a conciencia de interdependencia global e a responsabilidade compartida a través dun proceso educativo orientado á transformación social e que fomenta a sensibilización solidaria, a concienciación crítica e a mobilización activa da cidadanía na erradicación da pobreza, a defensa dos dereitos humanos, a promoción da cultura da paz e o compromiso coa xustiza social, e o desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global".

Así mesmo, o V Plan Director da cooperación galega 2023- 2026, establece como un dos seus ámbitos estratéxicos de actuación AE 7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

(2) Antecedentes:

No ano 2013 a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, en coordinación coa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, impulsou un proxecto piloto, para o curso 2013-2014, titulado "Cooperación Galega; o mundo que queremos", que foi desenvolvido no marco do Plan Proxecta, iniciativa



de innovación educativa que ten por obxecto facilitar a colaboración entre os departamentos da Xunta de Galicia que dispoñen de programas dirixidos aos centros educativos. Na novena edición, no curso 2021-2022, incorporouse unha variación no título do proxecto, pasándose a chamar "Activistas polo mundo que queremos". As distintas edicións foron desenvolvidas por ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento, que teñen ido variando nas diferentes edicións. O proxecto para o curso 2023-2024, a décimo primeira edición, será desenvolvido polas mesmas ONGD que a décima edición, correspondente ao curso 2022-2023, que xa se atopa rematando.

Dende o comezo, leváronse a cabo actividades: no curso 2013-2014, en 5 centros de Educación Secundaria que foron seleccionados entre os solicitantes da convocatoria anual do Plan Proxecta; no curso 2014-2015, en 9 centros; no curso 2015-2016 en 5 centros; no curso 2016- 2017, así como no curso 2017-2018, en 6 centros; no 2018-2019 os centros foron 7, os mesmos que se involucraron no curso 2019- 2020; reducíndose a 6 nos cursos 2020- 2021, 2021-2022 e 2022-2023; 6 centros aos que se espera chegar tamén nesta décimo primeira edición. Co profesorado e o alumnado dos centros afondase nas desigualdade sociais existentes e as causas que as perpetúan, con especial atención á realidade dos países empobrecidos nos que traballa a Cooperación Galega. Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) antes e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) agora son a temática condutora da proposta e a comunicación comunitaria a ferramenta metodolóxica e elemento o vertebrador das accións a desenvolver.

(3) Finalidade: Co fin de dar continuidade á colaboración coas ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento no marco do Plan Proxecta tense previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xullo de 2023 ata o 31 de decembro de 2024.

(4) O convenio ten por obxecto o fomento dunha adolescencia e profesorado galegos conscientes da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais e apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social.

(5) Tendo en conta que a singularidade deste proxecto vén determinada polo feito de formar parte do Plan Proxecta e por ser un proxecto colectivo e participado por



varias entidades e colectivos galegos con experiencia no eido da educación para o desenvolvemento, que as actividades obxecto do proxecto, son de claro interese público e inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral, a natureza da coordinación establecida entre as entidades destinatarias, a colaboración coas Administracións públicas atendendo aos principios de eficacia, concentración, coordinación e sinerxía, así como a utilidade que a posta en marcha deste proxecto significa para a cooperación en todo o ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia, xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

(6) A Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, do custe total do proxecto que é de setenta e tres mil seiscentos noventa e un euros (73.691,00 €), abonará á Solidariedade Internacional de Galicia, por asumir o liderado ante a Xunta de Galicia consonte ao establecido na cláusula terceira do convenio de colaboración, a contía máxima de setenta mil euros (70.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 06.07.331A.481.0. e distribución seguinte:

Aplicación orzamentaria	Ano 2023	Ano 2024
06.07.331A.481.0	30.000,00 €	40.000,00 €
TOTAL	70.000,00 €	

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

Director xeral de Relacións Exteriores e coa UE

Jesús Gamallo Aller

